

planificación dos recursos



ser o marisqueo unha actividade a realizar na zona de dominio público marítimo-terrestre, a base da actividade dependerá do desenvolvemento

normativo da Administración competente. Neste terceiro capítulo analízase a actividade planificadora da administración autonómica, coa que se tenta conseguir-lo equilibrio entre a racionalización dos recursos productivos e a forte demanda social para explotalos.

A primeira parte do capítulo está adicada á análise dos obxectivos xerais, para o que se presentan a finalidade e os obxectivos da Lei 6/93, de 11 de maio, de Pesca Marítima de Galicia, así como o ámbito de aplicación e o obxecto da Lei.

En segundo lugar, o capítulo céntrase nas actuacións no ámbito da pesca mariña, que están encamiñadas a garanti-la distribución do acceso á explotación dos recursos

mariños entre os profesionais e as entidades cualificadas. Asemade, presenta os obxectivos seguidos polas autoridades galegas e as medidas a adoptar para acadalos.

Neste apartado preséntanse os plans de explotación, considerados como o instrumento que garante que a explotación se faga de xeito que se obteña o máximo rendemento a través dunha explotación racional.

En terceiro lugar, analízase a ordenación do sector pesqueiro, centrándose, por unha banda, na situación dos tres títulos habilitantes para o exercicio, por toda persoa física ou xurídica, das actividades de marisqueo: permiso de explotación, autorización e concesión. Por outra, determínanse as normas que deben ser cumpridas no eido da comercialización dos produtos da explotación dos recursos mariños. A Xunta será a encargada de efectuar-la regulación e os controis das denominacións de orixe e as transaccións

comerciais que se efectúen nos lugares destinados para tales efectos.

■ obxectivos xerais

A multitude de obxectivos a acadar en aras de conseguila ordenación do sector pesqueiro en Galicia fai imprescindible un ordenamento xurídico que considere o desenvolvemento global do sector. Neste senso promúlgase a **Lei 6/93, de 11 de maio, de Pesca Marítima de Galicia**, que, tal como se sinala na súa exposición de motivos, trata de encontrar un equilibrio entre as consideracións económicas e sociais do sector.

A finalidade da dita Lei é a regulamentación e ordenación da pesca, o marisqueo e a acuicultura mariña e, en xeral, a explotación dos recursos mariños baixo calquera modalidade que, de acordo co Estatuto de Autonomía, correspondan á Comunidade Autónoma galega. Así, a Xunta de Galicia arbitrará as medidas necesarias para que a explotación dos recursos, que son considerados como “riqueza colectiva e están ó servizo da Comunidade Autónoma”, se faga do xeito máis eficaz e ordenado posible, atendendo ás características socioeconómicas das comunidades costeiras que tradicionalmente dependen da pesca.

Co fin de conseguila citada ordenación global do sector, a Xunta garantirá que a explotación deses recursos se realice de xeito que se obteña o seu máximo rendemento a través dunha explotación económica racional e eficaz, e que sexa compatible coa conservación das especies e co incremento do benestar comunitario. Asemade, buscará o aumento da produción das especies, respectando, na medida do posible, as estruturas socioeconómicas existentes.

Tendo en conta todo isto, e considerando que esta actividade se realiza sobre o dominio público, a explotación dos recursos mariños levarase a cabo de xeito controlado: toda actividade deberá ser autorizada debidamente (artigo 4).

O ámbito de aplicación da Lei abrangue a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as súas augas interiores en pesca marítima, así como o mar territorial e a porción da zona económica exclusiva española do litoral de Galicia para o marisqueo e a acuicultura mariña.

A regulamentación das materias competencia da Comunidade Autónoma relativas á ordenación pesqueira e á íntegra xestión económica da mesma definen o obxecto da Lei de pesca marítima de Galicia, tal e como se recolle no artigo 6. Ós efectos deste informe, e de acordo cos apartados d) e e) deste artigo, cómpre distinguir as materias referidas á mellora de recursos pesqueiros e as referidas á comercialización:

- En materia de conservación e mellora dos recursos pesqueiros:
 - O establecemento de zonas e épocas de veda e a fixación de fondos e arrecifes artificiais.
 - A regulamentación das artes, aparellos e instrumentos de pesca nas costas do ámbito territorial de Galicia, respectando en todo caso os acordos e convenios internacionais nos que o Estado sexa parte.
 - O establecemento de zonas de interese especial marisqueiro ou de acuicultura.
- En materia de comercialización dos produtos da pesca, marisqueo e cultivos mariños:
 - A promoción das lonxas pesqueiras.
 - A mellora das estruturas de comercialización mediante:

. O apoio ás confrarías de pescadores, cooperativas do mar e asociacións e organizacións de produtores na distribución dos produtos do mar

. A mellora e o control do réxime de contratación dos produtos do mar.

. A normalización e tipificación dos produtos pesqueiros e as súas denominacións de orixe e calidade

. O apoio ás confrarías de pescadores, organizacións de produtores, cooperativas do mar e asociacións de produtores para á construción, equipamento e modernización de fábricas de xeo, instalacións de conxelación, lonxas pesqueiras e mercados de orixe, así como para o seu equipamento estatístico.

. A promoción de acordos intersectoriais entre as asociacións e organizacións de produtores e doutras actividades complementarias de procesamento, manipulación, elaboración e consumo dos produtos do mar.

. A promoción de campañas de orientación e fomento do consumo dos produtos do mar, de accións tendentes a melloralas calidade dos produtos do mar e de estudos sobre a comercialización dos produtos pesqueiros.

■ explotación de recursos mariños

As actuacións da Xunta de Galicia no ámbito da pesca mariña –termo que fai referencia tanto ós recursos e zonas onde pode pescarse, como ós períodos en que pode pescarse e ás zonas e medios de realización da actividade extractiva– van encamiñadas a garanti-la distribución obxectiva e equitativa do acceso á explotación dos recursos mariños entre os profesionais e as entidades cualificadas con dereito a isto (art. 16 da Lei 6/93, do 11 de maio).

Segundo o artigo 11 da Lei de Pesca, a explotación dos recursos mariños en Galicia terá como obxectivos a preservación dos recursos, a rendibilidade bioeconómica, o mantemento da actividade económica e laboral derivada da súa explotación, a innovación tecnolóxica, a maximización da produtividade e a existencia estable de materias primas e dos prezos rendibles, téndose en conta, así mesmo, as circunstancias económico-sociais das persoas que participen na súa explotación.

As medidas que se establecen para a regulamentación da explotación dos recursos mariños tentarán obter benestar para as comunidades costeiras que dependan tradicionalmente dos mesmos como medio principal de vida. A adopción de medidas restrictivas orientadas á recuperación dos recursos farase de xeito gradual, procurando minimizalos posibles desequilibrios socioeconómicos que puidesen derivarse diso (artigo 12 da Lei 6/93, do 11 de maio).

Entre os obxectivos prioritarios que persegue a Xunta salientan os seguintes (artigo 13 da Lei 6/93, do 11 de maio):

- O esforzo pesqueiro real exercido sobre os recursos en augas de competencia da Comunidade Autónoma non excederá dos límites alcanzados na data de entrada en vigor da Lei de Pesca.

- Para os recursos que se atopen en estado de subpesca poderá autorizarse o incremento controlado e gradual do esforzo pesqueiro real dos mesmos

- A regulamentación dos recursos mariños farase de xeito que se alcance, nun prazo razoable, o nivel de rendemento máximo sostible, que corresponda á selectividade das artes e tamaños mínimos que se autoricen no maior número posible de unidades de poboación.

- Ó obxecto de recupera-los recursos mariños, a Xunta de Galicia procederá a reducir paulatinamente o esforzo de pesca real de aqueles recursos que se atopan sobreexplotados, a fin de que este esforzo se sitúe nun nivel igual ou inferior de aquel que produza o rendemento máximo sostible correspondente ás condicións descritas no apartado anterior, para o maior número posible de unidades de poboación.

No caso de que o rendemento máximo sostible poida incrementarse mediante técnicas de semicultivo ou cultivo, as medidas que se adopten facilitarán ese desenvolvemento (artigo 14 Lei 6/93, do 11 de maio).

As medidas que deban adoptarse tratarán de maximiza-lo rendemento potencial de cada unha das unidades de poboación existentes en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Para isto, entre outras posibles medidas, adoptaranse aquelas destinadas a evitar conflitos espaciais entre os distintos aparellos de pesca, establecementos ou artefactos de cultivos e procurarase que as explotacións dirixidas á captura de individuos dunha especie ou especies en particular minimicen as capturas accidentais ou os efectos negativos colaterais noutras especies que non sexan obxecto da explotación principal (artigo 15 da Lei 6/93, do 11 de maio).

Para acadar os obxectivos da Lei de Pesca para a explotación dos recursos establece-se unha serie de medidas a adoptar como as relativas:

- á determinación das zonas de libre marisqueo, así como as que merezan ser declaradas de interese especial, marisqueiro ou pesqueiro.

- ás épocas de veda e ós tamaños mínimos autorizados para a extracción dos recursos mariños, así como ás cotas ou ós topes máximos de capturas.

- ás artes, ós aparellos e utensilios autorizados para exercer-la pesca e o marisqueo, así como as limitacións no seu número.

- ós horarios da actividade das distintas modalidades de explotación como os días en que se poderá levar a cabo. Así mesmo determinará o tempo de calamento das artes destinadas á explotación dos recursos mariños

Asemade, será a encargada de establecer, entre outras, as seguintes normas para o exercicio da actividade encamiñada á explotación dos recursos mariños: as relativas á ordenación das normas de comercialización e transporte, ás condicións e requisitos para obter títulos administrativos habilitantes e certificados de cualificación profesional, ás relacionadas co permiso e os requisitos para a inmersión en augas competencia da Comunidade Autónoma galega de semente, crías ou adultos para calquera fin, ou co establecemento do correspondente canon de explotación, sen prexuízo do canon de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, relativo ás concesións ou autorizacións que a Comunidade Autónoma outorgue no mesmo.

En materia de conservación e mellora dos recursos pesqueiros destacan, entre outras, as normas destinadas á regulamentación da actividade pesqueira e das artes e aparellos permisibles en Galicia, como o **Decreto nº 424/1993, do 17 de decembro**.

Este Decreto establece, no seu artigo 115, que o horario para o marisqueo a pé será dende dúas horas antes a dúas horas despois da baixamar diúrna, tendo como tope máximo as 17:00 horas, e que as actividades de marisqueo só se poderán exercer nas épocas en que regulamentariamente se levante a veda das especies da captura e en días laborables, exceptuando os sábados e vésperas de festivos.

Indica ademais que as artes autorizadas

para o marisqueo a pé, artigo 118, son o sacho, o restrelo, a fouza, o salabardo e a fisga.

• *Plans de explotación*

Así, tal e como se determina no artigo 3 da Lei de Pesca, corresponde á Administración garantir que a explotación dos recursos se faga de xeito que se obteña o máximo rendemento a través dunha explotación racional. Esta obriga implica a necesidade de que a Administración planifique dita explotación, o que fai a través dos chamados *plans de explotación marisqueira*.

O Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, establece no seu artigo 3 que a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura aprobará, con carácter anual, un Plan xeral de explotación marisqueira, que conterá os plans de explotación para as autorizacións marisqueiras e as normas e plans de explotación para as zonas de libre marisqueo.

A Orde do 27 de decembro de 2000, examinados os plans de extracción remitidos polas entidades marisqueiras titulares de autorizacións, oídas as ditas entidades na elaboración das normas relativas a zonas de libre marisqueo e vistos os informes emitidos polos servizos técnicos da consellería, e de conformidade co disposto no citado decreto, aprobou o Plan de Explotación xeral Marisqueira para o ano 2001 nos seguintes termos:

1.- Plans de explotación en réxime de autorización administrativa: apróbanse os días máximos e épocas probables de extracción que se relacionan no anexo 16.

2.- Plans de explotación en zonas de libre marisqueo non suxeitas a plans espe-

ciais onde se autorice como norma xeral a extracción de moluscos nas zonas de libre marisqueo, non suxeitas a plan específico desde o 2 de xaneiro ó 30 de marzo e desde o 1 de outubro ata o 31 de decembro, exceptuando as zonas que figuran no anexo 17.

3.- Plans de explotación en zonas de libre marisqueo non suxeitas a plans específicos presentados polas entidades marisqueiras coas condicións que para cada unha delas se indican no anexo 18.

4.- Plan de explotación para a navalla e longueirón, que figura no anexo 19.

■ ordenación do sector

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, no ámbito da ordenación do sector pesqueiro –fai referencia á regulamentación do sector económico e productivo da pesca, incluíndo a determinación de quen pode exercer directamente a pesca, as condicións que teñen que reunir tales suxeitos e a súa forma de organización–, outorgará os títulos administrativos habilitantes correspondentes para a actividade de explotación dos recursos mariños e a actividade de instalación de calquera establecemento de cultivos mariños ou auxiliar e de empresas de transformación de produtos da pesca, marisqueo e acuicultura.

Para o exercicio das actividades de marisqueo, toda persoa física ou xurídica requirirá un título administrativo habilitante previo, que adoptará, segundo o artigo 10 da Lei 6/93, do 11 de maio, algunha das seguintes modalidades:

• **Permiso de explotación:** cando a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura lles recoñeza a capacidade para exercer

actividades de explotación a particulares, sexan persoas físicas ou xurídicas, dos recursos mariños.

- **Autorización:** cando a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura outorgue un uso privativo normal de bens de dominio público marítimo ou marítimo-terrestre, a título precario, para a súa explotación ou utilización en réxime de exclusividade dos mesmos, para o aproveitamento racional ou de semicultivos de determinadas especies mariñas nun banco natural.

- **Concesión:** cando a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura outorgue o uso privativo anormal de bens de dominio público marítimo ou marítimo-terrestre, que implique o dereito á ocupación, uso ou gozo, en réxime temporal dos mesmos, para a instalación ou explotación dun establecemento de cultivos mariños ou dun establecemento auxiliar.

A Xunta de Galicia establecerá as normas de policía e vixilancia para a explotación racional dos bancos naturais de peixes e mariscos en xeral e dictará as normas que garantan a formación necesaria a pescadores, acuicultores e mariscadores para exercer con eficacia e seguridade as súas tarefas profesionais (artigo 22 da Lei 6/93, do 11 de maio).

Finalmente, corresponderalle á Administración autonómica dictar normas sobre o número máximo de embarcacións ou persoas que poidan ser autorizadas a explotar os recursos mariños e tonelaxe total e unitaria das embarcacións, así como a potencia dos seus motores, e determinar, cando sexa preciso, o tipo de unidades de explotación (artigo 23 da Lei 6/93, do 11 de maio).

• *Permisos de explotación*

Para poder realiza-las actividades da

pesca, marisqueo e recolección de algas é obrigatorio estar en posesión do correspondente permiso de explotación, onde se concreta necesariamente as artes, as zonas de actuación e as especies permitidas. Este permiso, expedido pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura da Xunta de Galicia, outorgarase atendendo a criterios de obxectividade, equidade e transparencia, estando limitados segundo zonas. En todo caso, non poderá supera-lo número existente no momento de entrada en vigor da Lei de Pesca.

Cabe sinalar que o artigo 39 da Lei 6/93, do 11 de maio, ó remitirse ó artigo 13.b, admite que se poidan conceder máis permisos de explotación nun momento dado, se se da un suposto de subexplotación.

No caso do marisqueo a pé, o permiso de explotación será outorgado por un período de 5 anos a renovarse anualmente, terá carácter individual e intransferible e requirirá a cualificación profesional correspondente. A súa renovación farase a pedimento do interesado.

Excepcionalmente, e onde non se poida mariscar a pé, poderán utilizarse embarcacións de apoio, que deberán estar inscritas na lista cuarta do Rexistro de Buques e que poderán contar cun motor fóra borda de ata 4 CV como máximo. As áreas nas que se poden utiliza-las dichas embarcacións serán determinadas pola Xunta de Galicia (artigo 31 da Lei 6/93, do 11 de maio).

O incumprimento das condicións do permiso de explotación que determinen un uso indebido deste levará consigo, ademais das sancións económicas que procedan conforme á lexislación vixente, a suspensión da actividade por un período de ata tres meses ou, no caso da reiteración destes incumprimentos, a retirada definitiva daquel (artigo 33 da Lei 6/93, do 11 de maio).

Naquelas zonas ou para as modalidades onde puidesen existir competencias concorrentes entre a Administración autonómica e a central ou outras administracións autonómicas, os permisos de explotación outorgaranse tralas consultas correspondentes entre as administracións involucradas, co fin de salvagardar a igualdade de dereitos de persoas e embarcacións (artigo 34 da Lei 6/93, do 11 de maio).

Unicamente se outorgará o número de permisos de explotación que o aproveitamento racional dos recursos permita. Aquelas persoas que non obtivesen o permiso de explotación, gozarán de prioridade para concorrer a cursos ou accións de reciclaxe profesional que a Administración pesqueira da Xunta convoque.

Os titulares de permisos de explotación quedarán obrigados a achega-los datos da actividade destes na forma que se determine regulamentariamente. O incumprimento poderá dar lugar á resolución ou á denegación de prórroga (artigo 37 da Lei 6/93, do 11 de maio).

A aplicación da limitación do número de permisos de explotación, que virá determinada polas esixencias da profesionalización do subsector de marisqueo a pé, seguirá os seguintes criterios básicos (artigo 39 da Lei 6/93, do 11 de maio):

- Que a actividade do marisqueo a pé constitúa profesionalmente a principal fonte de ingresos dos titulares dos permisos.
- Que esta actividade constitúa unha fonte de ingresos complementaria doutra principal relacionada coa pesca.
- Excepcionalmente, e onde exista gran escaseza de recursos marisqueiros, poderase autorizar o exercicio da actividade do marisqueo como complementaria doutra principal non necesariamente relacionada coa pesca.

A Xunta de Galicia determinará periodicamente as zonas de marisqueo a pé para as que non se requira autorización ou concesión. Para mariscar nas devanditas zonas, denominadas zonas de libre marisqueo, só será preceptiva a posesión do correspondente permiso de explotación e o respecto da normativa na materia (artigo 40 da Lei 6/93, do 11 de maio).

O Decreto nº 425/1993, do 17 de decembro, que refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade, sinala no seu artigo 1 que o permiso de explotación é o título administrativo que habilita para exercer a actividade extractiva dos recursos mariños no espazo marítimo-terrestre, augas e ámbito xeral de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso concreto do marisqueo a pé, este permiso de explotación é a habilitación necesaria para exercer a actividade nas zonas marítimo-terrestres de libre marisqueo e nas zonas de autorización ou concesión administrativa de acordo coas especificacións contidas nel.

Para obte-lo citado permiso, o solicitante deberá cumprir-los seguintes requisitos:

- Facer de forma habitual e como medio fundamental de vida os labores de marisqueo, sen prexuízo de que estas se simultaneen con outras actividades de explotación do mar.
- Non ser titular de concesión ou autorización administrativas para a explotación dos recursos mariños nas zonas marítimas e marítimo-terrestre.
- Estar empadroado nun concello do litoral de Galicia
- Estar en posesión do certificado de mariscador
- Ser maior de 18 anos ou menor emancipado e non ser maior de 65 anos.
- Non ser pensionista de xubilación, invalidez permanente, absoluta ou total para

calquera profesión, a favor de familiares ou perceptor da pensión da renda de integración social de Galicia.

- Non estar incapacitado para exercer as labores de marisqueo.

A fin de evitar unha drástica redución do número dos permisos de explotación existentes, indícanse uns períodos transitorios adecuados para o suposto de que o número de permisos de explotación que deba fixarse fora inferior ó vixente.

A expedición e revalidación do permiso de explotación necesario para exercer a actividade está regulado na **Orde do 31 de maio de 1995**, onde se sinalan os requisitos necesarios para ter acceso ó sinalado permiso. No caso do marisqueo a pé, a revalidación do permiso de explotación levarase a cabo ordenadamente por áreas xeográficas, segundo o calendario que para cada provincia e entidade asociativa do sector se estableza.

A revalidación do permiso requirirá a acreditación de ter realizado actividade extractiva suficiente, entendendo como tal aquela que se realiza de forma efectiva durante un mínimo de un 70% dos días autorizados dentro do marco previsto no plan de explotación para a súa confraría.

• **Autorizacións**

No que respecta ás autorizacións na zona marítimo-terrestre, a Lei 6/1993, de Pesca Marítima de Galicia, establece que a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá outorgar autorizacións na zona marítimo-terrestre para explotar bancos naturais ou porcións deles sempre que se xustifique que este sistema de explotación é mellor na produción de recursos cá explotación libre do devandito banco natural.

A Lei establece a duración, caducidade e revogación das autorizacións:

- Outorgaranse por períodos de cinco anos, prorrogables por períodos iguais a petición do interesado, ata un máximo de trinta anos. Transcorrido calquera período, se non media tal petición, consideraranse caducadas sen que sexa necesaria declaración expresa.

- Outorgaranse a título de precario e a súa extinción non dará dereito a indemnización algunha.

- A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura estará obrigada a declara-la revogación das autorizacións sempre que se produza un uso impropio ou abandono da explotación. Entenderase por abandono o cesamento da actividade normal por un período de doce meses consecutivos.

- No caso de que existan áreas manifestamente infrautilizadas dentro dunha autorización, poderá declara-la revogación da autorización nas devanditas áreas.

Respecto ó réxime das autorizacións, hai que ter en conta que:

- se outorgarán unicamente co obxecto de realizar unha explotación controlada dun banco natural, esixíndose labores de semicultivo, así como un plan de explotación e xestión dos recursos e a regulación do acceso das persoas autorizadas á explotación deste.

- a súa extensión terá que gardar proporción co número de persoas que se dediquen á explotación da actividade autorizada.

- as autorizacións se outorgarán preferentemente ás entidades de interese colectivo.

- unicamente os membros das entidades titulares das autorizacións e aquelas outras persoas establecidas no plan de explotación, ou as que regularmente viñesen explotando a zona obxecto da autorización, terán acceso á explotación delas. Non obstante, poderán

autorizarse acordos entre as distintas entidades para permiti-lo mutuo acceso dos seus membros.

Os límites das áreas de explotación autorizadas deben estar sinalizados ou balizados de forma totalmente visible, con elementos que non supoñan perigo para a navegación. O establecemento e mantemento dos sinais será responsabilidade dos titulares da autorización.

As autorizacións non poderán ser transmisibles nin alleables por título algún, nin se permitirá a construción de instalacións non desmontables nas áreas de explotación.

As entidades e persoas físicas solicitantes deberán dispoñer dunha dirección técnica e xestora da explotación cun nivel de cualificación que se determinará regulamentariamente.

• *Concesións*

No que ás concesións na zona marítimo-terrestre respecta, estas poderanse outorgar para a realización de labores de cultivo mariño extensivo ou intensivo e requirirán un plan de xestión e viabilidade que garanta unha explotación eficaz e racional e que acredite autosuficiencia económica.

As concesións outorgaranse en base a criterios de obxectividade, equidade e transparencia, e por un período de dez anos, prorrogables por períodos de dez se se demostra a rendibilidade e bo uso da explotación, ata un máximo de trinta anos, a petición do concesionario.

As zonas improductivas ou infrautilizadas ou explotadas en forma contraria ós obxectivos da Lei de Pesca, e que como tales fosen determinadas pola Consellería de

Pesca, Marisqueo e Acuicultura, serán outorgadas en réxime de concesión, logo de concurso público, a aquelas entidades que reúnan as condicións esixidas para iso.

A lei establece que as concesións seranlle outorgadas preferentemente:

- Ás entidades de interese colectivo que previamente fosen titulares dunha autorización, por un prazo mínimo de cinco anos, de maneira satisfactoria e economicamente rendible e autosuficiente.
- Ás cooperativas formadas por mariscadores profesionais.
- Ás entidades que recollan nos seus plans de explotación a contratación de mariscadores en posesión do permiso de explotación.

A caducidade das concesións, logo de que se instrúa o correspondente expediente, será declarada sempre que exista incumprimento das normas de concesión ou abandono da mesma, entendéndose por tal o cesamento da actividade normal ou a produción inferior á prevista no plan de explotación, durante vintecatro meses consecutivos.

Os concesionarios quedarán obrigados a proporcionarlle á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura os datos estatísticos que regulamentariamente se determinen, de conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura reserva para si en todo caso o dereito de rescate da concesión e a facultade de expropia-lo concesionario por causas de utilidade pública, coa indemnización que corresponda de acordo co disposto na lei.

Extinguida a concesión, será obriga do

último titular repoñer ó seu cargo calquera alteración que a súa actividade lle ocasionase ó entorno mariño, restaurando a zona ó seu estado natural.

As características e contido dos plans de xestión e viabilidade esixidos ós titulares das concesións, así como os requirimentos de cualificación profesional esixidos ós traballadores virán determinados pola Xunta de Galicia (art. 57).

A explotación nas concesións limitarase ás especies establecidas no plan de xestión e viabilidade, que poderán ser distintas das que existan na zona como banco natural. Calquera cambio no cultivo de especies ou calquera experimentación de novos cultivos necesitará autorización específica da Consellería. A introducción de especies sen este requisito poderá ser causa de revogación da concesión, sen dereito a indemnización e sen prexuízo das sancións a que houbese lugar.

■ ordenación da actividade comercial

Tal e como se sinalou no apartado I.- *Marco xurídico* do presente informe, a Lei 3/2001, de Pesca Marítima do Estado, ó amparo do artigo 149.1.13ª da Constitución, establece a normativa básica en materia de comercialización dos produtos pesqueiros, correspondendo ás CC.AA. o desenvolvemento e execución da dita normativa básica no seu ámbito territorial.

O Título III da lei 3/2001 regula as bases da comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, dende a primeira venda ata a chegada do mesmo ó consumidor final.

Neste senso, determínase que a política de comercialización e transformación dos

productos da pesca, o marisqueo e a acuicultura realizarase a través de.

1.- Medidas para a normalización dos produtos ó longo de toda a cadea comercial: Ó longo de todo o proceso de comercialización, os produtos deberán estar correctamente identificados a través do etiquetado, presentación e publicidade; unha identificación que, o mesmo tempo, está suxeita a principios tales como á información eficaz, veraz e suficiente sobre a súa orixe, á non omisión ou falseamento de datos, ou á declaración da calidade do produto en base a normas específicas de calidade entre outros.

O marxe destes principios, quedan expresamente prohibidas as operacións de comercialización de produtos da pesca e do marisqueo con unha medida ou peso inferior ó regulamentado, ou que non se teña obtido conforme á normativa internacional, estatal e autonómica ou incumpra a normativa sanitaria que en cada momento se estableza.

2.- Normas que garantan durante toda a cadea de alimentación que os produtos da pesca e do marisqueo adáptanse ás normas de conservación dos recursos aplicables en cada caso.

3.- Medidas dirixidas ó fomento da transformación dos produtos pesqueiros: Tanto o Goberno como as CC.AA. poderán adoptar este tipo de medidas que se dirixirán preferentemente cara á diversificación dos produtos, á mellora da calidade, ó aproveitamento dos recursos excedentarios ou infrautilizados, o desenvolvemento de interprofesións coa colaboración do sector extractivo, ó aproveitamento dos subprodutos e á redución do impacto sobre o medio ambiente.

4.- Medidas para a mellora da calidade e para a promoción dos produtos: Na elabo-

ración das normas que afecten á comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, e nas medidas de fomento que afecten a estas actividades, o Goberno terá en conta o obxectivo de mellora-la calidade dos mesmos. Así mesmo a promoción dos produtos dirixirase preferentemente a favorecer-lo consumo dos produtos infrautilizados ou excedentarios, a facilita-la comercialización dos produtos tradicionais e artesanais, a contribuír á adaptación entre oferta e demanda, a divulga-lo coñecemento das producións autóctonas, a impulsa-lo desenvolvemento das denominacións de calidade e a contribuír a unha axeitada información ó consumidor acerca das características dos produtos.

O desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia da sinalada normativa básica en materia de comercialización, realízase fundamentalmente a través da Lei 6/1993, do 11 de maio, de Pesca marítima de Galicia, do Decreto nº 419/93, do 17 de decembro, así como de diferentes Ordes que se analizarán a continuación.

Na Lei de Pesca marítima de Galicia, determinanse as normas que deben ser cumpridas no eido da comercialización dos produtos da explotación dos recursos mariños. É a Administración autonómica a encargada de efectuar a regulación e os controis das denominacións de orixe e transaccións comerciais que se efectúen nos lugares destinados para tales efectos.

A primeira venda do pescado e marisco regulados nesta lei, dos que se faga a comercialización en fresco, deberá efectuarse preceptivamente nas lonxas ou nos lugares que para tal fin se establecerán regulamentariamente.

A Xunta de Galicia, co fin de favorecer-

las relacións comerciais sobre a base dunha competencia leal e a rendibilidade económica da produción, dictará aquelas normas que teñan por fin eliminar do mercado produtos de calidade non satisfactoria e realizará o control pertinente sobre os produtos sometidos á normalización.

Asemade, determinará as condicións sanitarias que deberán reuni-los moluscos bivalvos antes de seren comercializados para o consumo humano e establecerá regulamentariamente os mecanismos de prevención e control para preservar de epizootias e outras enfermidades transmisibles ós cultivos mariños.

O Decreto nº 419/93, do 17 de decembro, que refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, establece as condicións para acceder á primeira venda, así como os canais obrigatorios de venda.

Soamente poderán descargar e, se é o caso, vende-los produtos da pesca en fresco as persoas físicas ou xurídicas que teñan en vigor o oportuno permiso de explotación.

A pesca en fresco descargada nos portos ou centros de descarga da Comunidade Autónoma de Galicia terá que ser poxada obrigatoriamente nas lonxas ou centros de venda situados nela e autorizados regulamentariamente, quedando prohibida a venda directa dos produtos frescos da pesca fóra dos canais establecidos.

O decreto recolle que só se poderán dedicar á adquisición de produtos frescos da pesca e do marisqueo en lonxas ou centros de venda:

- os comerciantes por xunto de peixes ou marisco fresco, sexan persoas físicas ou

xurídicas, que teñan o imposto de actividades económicas correspondente.

- os comerciantes polo miúdo de produtos frescos da pesca da localidade onde radique o porto onde se efectúen as compras.
- os industriais que se dediquen a calquera tipo de transformación de peixe ou marisco en fresco.

Outras dúas normas que afectan á comercialización dos produtos do marisqueo a pé son a Orde do 19 de agosto de 1996, pola que se establecen as normas de control das capturas pesqueiras na fase da primeira venda, e a Orde do 3 de xullo de 1998, pola que se regula o documento de rexistro para o transporte e comercialización de moluscos bivalvos vivos.

Na primeira delas establécese que as lonxas pesqueiras ou outros establecementos que pretendan realiza-la primeira venda dos produtos pesqueiros frescos deberán ser autorizados pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura e deberán figurar no *Rexistro galego de empresas halioalimentarias*, na súa sección terceira: lonxas e centros de expedición en orixe (art.2).

Para realiza-lo transporte dos produtos da pesca en fresco ata a súa primeira venda, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o transportista deberá estar provisto do documento de transporte de forma que se poida identifica-lo buque do que procede o produto, ou, no seu caso, da guía de descarga establecida no artigo 11 do Decreto nº 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco.

Non obstante, cando o transporte dos produtos da pesca en fresco realízase a menos de 20 quilómetros do lugar de desem-

barque, o transportista deberá estar provisto, en todo caso, da guía de descarga á que se refire o apartado anterior. No caso de que o transporte se realice dentro do recinto portuario non se esixirá ningún dos documentos anteriormente sinalados.

Na Orde do 3 de xullo de 1998, pola que se regula o documento de rexistro para o transporte e comercialización de moluscos bivalvos vivos, indícase que este (art. 3) será expedido polas organizacións de produtores, confrarías, entidades asociativas do sector legalmente constituídas, entidades concesionarias das lonxas e , se é o caso, polos titulares de establecementos de cultivos mariños. ■